

GRAFINCO



"A nosa actividade principal está baseada nunha relación provedor – empresa – cliente tremendamente dinámica"

Juan Fernández Vilaboa

Datos básicos

Actividade:	Empresa de artes gráficas
Sector de actividade	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
Nº empregados	13
Inversión inicial	75.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado maioritariamente por fondos da Xunta de Galicia por ser Centro Especial de Emprego. Case todo foi destinado a maquinaria (85%)
Web:	
Municipio:	Lugo, Lugo
Ano creación:	1998

Descripción do proxecto

Trátase dunha empresa de artes gráficas na que se desenvolven tarefas de impresión pero tamén de deseño e publicidade.

A nosa actividade principal está baseada nunha relación provedor – empresa – cliente tremendamente dinámica, e nun seguemento constante do produto en todas as súas fases de transformación.

Dispoñemos dun equipo humano coa mellor disposición para atender e asesorar aos nosos clientes. Ademais, estamos equipados con tecnoloxías de impresión offset e dixital de última xeración. Todo iso permítenos competir nun mercado de alta calidade.

O noso taller ten unha actividade moi intensa. Traballamos 16 horas diarias en dúas quendas de 8 horas, e hai que seguir moi de perto o mercado xa que está cambiando constantemente.

Os nosos principais produtos son folletos publicitarios, carteis, dípticos, polípticos, desdoblables, catálogos de empresa, revistas, libros con encadernación fresada, rústica ou ao cromo, cartafóis troqueladas, caixas en cartoncillo, expositores, posters, rúeiros, calendarios, e todo tipo de papelería impresa para oficina.

As nosas impresións revisten todo tipo de acabado: plastificados, brillo, mate, gofrado, verniz, tintas, troquelados, afondidos, trepados, medio corte e corte seco.



Datos empresa

Claves do éxito

O feito de coidar a calidade é fundamental, pero creo que é imposible sen unha loxística axeitada.

Outra das claves é que contamos cun departamento de deseño formado por catro profesionais internos e varios colaboradores por toda Galicia que moven o taller durante todo o ano. Grazas a eles mantemos un fluxo constante de traballo que impide ter que parar a cadea de produción (o cal sería moi custoso).

Por suposto, unha importante clave é o traballo en equipo. E aí xogan un papel fundamental a cohesión do grupo humano e a súa implicación nos obxectivos da empresa, así coma a súa reciclaxe constante a través de formación continua.

E por suposto, o seguimento do mercado a través da observación, da asistencia a feiras para identificar novos produtos, novos mercados, posibles melloras, etc.

Canto a aspectos innovadores, incorporamos ao noso taller tecnoloxía de última xeración e os mellores sistemas informáticos.

Neste mercado non hai nada por inventar, pero nós centramos a nosa actividade nunha relación provedor – cliente – empresa, na que desenvolvemos unha rede moi consolidada que nos permite facer todo o que un cliente nos poida demandar.

Situación actual

Gustaríanos centrarnos máis na produción de catálogo de empresa, exposicións e revistas, que esixen un acabado de alta calidade e fotografía profesional.

Desde maio de 2007 somos unha das 54 empresas que forman o Cluster do Produto Gráfico e Libro de Galicia.

Perfil cliente

Sobre todo empresas. Tamén traballamos para fundacións e todo tipo de organismos que organizan exposicións.



Idea inicial

Principales dificultades y amenazas futuras

A principal dificultade foi o descoñecemento inicial do sector e do oficio, xa que logo houbo que buscar un especialista con moita experiencia e coñecemento profundo do mercado. Tamén houbo que formar aos traballadores e implicar ao equipo cos obxectivos da empresa.

Polo demais, trátase dun sector que está sobredimensionado. Existe máis capacidade de produción que demanda. E no seo dunha economía globalizada, atopámonos cos mesmos problemas que a empresa ordinaria, na que a propia dinámica obriga a innovar e a buscar novos mercados.

Perfil promotores

O promotor aporta formación profesional en Administrativo e experiencia de 22 anos dirixindo talleres de artes gráficas por toda Galicia. É ademais fillo de empresario e sempre estivo vinculado ás tarefas de xestión orzamentaria das empresas da súa familia.



Aptitudes necesarias

Extroversión, moita iniciativa, capacidade de sacrificio.
Buscar resultados a longo prazo, ter obxectivos moi concretos e enfocarse cara a eles.
Ser moi paciente, porque traballas con persoas que non teñen a mesma mobilidade ou coñecementos e necesitan tempo para habituarse á contorna. Non contratamos profesionais senón que formamos a persoas e as onvertemo en profesionais que logo pasan ao mercado das artes gráficas na empresa ordinaria.

Guía de Actividad

Centros de impresión dixital (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
Dirixir persoas e organizacións

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Si, no ciclo de Formación Profesional e a través de multitude de seminarios e cursos de desenvolvemento xerencial de empresas.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, moito. É fundamental formarse continuamente, ler, coñecer as últimas tendencias, as innovacións no sector, as orientacións ao mercado, as novas demandas que están xurdindo.

Anecdotalio

A maior anécdota é ver hoxe en día os grandes profesionais que formamos no sector das artes gráficas e lembrar o seu primeiro día de traballo, no que un pensaba con desesperación que sería imposible.

